

NACEMENTO DE AGPXC

Pilar López Pérez, presidenta da AGPXC desde o ano 2008 ao ano 2011

O 25 de xuño de 1990 legalízase a Asociación de Técnicos Culturais LANDROVE. Unha asociación nacida da necesidade que os traballadores da cultura, que empezábamnos a aterrar nos concellos na segunda metade de 1980, tiñamos de reivindicación dos intereses desta profesión.

Un colectivo definido polo noso nome: “compacto e todo-terreo”. Unha asociación presidida por Manolo Pérez Rúa (Manolo Moaña) que nos uniu a moitos de nós como traballadores da cultura e tamén como amigos.

Esta asociación cumpriu, ademais, un importante papel de acubillo para as/os xestores que estabamos a traballar en Galicia, cun perfil moi diverso pero, posto que realizábamnos o mesmo traballo, tiñamos tamén, as mesmas inquedanzas, as mesmas necesidades de formación e de reivindicación dos intereses desta profesión.

Dende Landrove organizáronse multitude de cursos e xornadas de formación e mantivéronse numerosos contactos coa consellería, universidade...

Como, ben di, Manolo Pérez Rúa, fomos os paracaidistas da Xestión Cultural pero, non fomos quen, nin daquela nin ata o de agora, en todos estes anos, de crear un sindicato/corporación/colexio que velara polos nosos intereses.

O que conseguimos, ao logo destes trinta anos, foi pelexar e gañar batallas persoais con grande perda psicolóxica individual.

Moitos de nós vimos a necesidade de pechar o ciclo comezado nos anos oitenta por “*Landrover*” e crear unha nova asociación profesional.

De maneira improvisada, o 24 de outubro de 2007, aproveitando que estábamos en Santiago co motivo da Feira de Teatro, organizamos unha xuntanza e despois de outras máis, fomos dando os pasos para a creación da nova asociación, aprobando os estatutos o 28 de outubro de 2008.

“...Unha nova asociación dirixida por xente nova cuns obxectivos encamiñados a satisfacer as necesidades e as demandas do noso colectivo, que defina os perfís profesionais, formativos, competencias e de funcións da nosa profesión e que estea aí interactuando”.

Socios/as fundadoras/es:

Fernando Lavandeira Suárez, Técnico de Cultura do Concello de Rianxo.

Rosario Basanta Gabeiras, Técnica de Cultura do Concello de Viveiro.

Carmen Castro Pombo, Técnica de Cultura do Concello de Carballo.

Sonia Iglesias Recarey, Técnica de Cultura do Concello de Arteixo.

Pilar López Pérez, Técnica de Cultura do Concello de Foz.

María Neves Paz Vilar, Técnica de Cultura do Concello de Ribadeo.

Manuel Pérez Rúa, Técnico de Cultura do Concello de Moaña.

Luis Rey Núñez, Técnico de Cultura do Concello de Cambados.

M^a Dolores Santos Maneiro, Técnica de Cultura do Concello de Muros.

Gustavo Docampo Paradelo, Técnico de Cultura do Concello de O Barco.

María Paredes Rodríguez, Coordinadora de programación do IGAEM.

A Xunta directiva queda constituída por:

- Pilar López Pérez
- Alberto García
- Xavier Campos
- Jorge Armesto
- Catalina Sanchez Luengo

- María Paredes Rodríguez
- Rosario Basanta Gabeiras

O resto dos/as socios/as fundadores pasan a formar parte de mesas de traballo.

A presentación oficial da Asociación faise no PALEXCO o venres 05 de Decembro de 2008, coincidindo cunha edición do Culturgal.

O 4 de febreiro de 2009 solicítase o ingreso da “**Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural**” na *Federación Estatal de Asociaciones de Gestores Culturales (FEAGC)*.

E así comezamos a nova andaina...